



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE XESTIÓN, SUBGRUPO A2, EXPDTE. 2024/E001/000007

SEGUNDA PROBA. RESOLUCIÓN DUN OU VARIOS CASOS PRÁCTICOS.

En Ordes, sendo as dez horas do 4 de febreiro de 2025, reúnese na Sala de Xuntas do 3º andar da Casa Consistorial o Tribunal nomeado para xulgar o **PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE XESTIÓN, SUBGRUPO A2, EXPEDIENTE 2024/E001/000007**, convocado pola resolución da alcaldía nº 1373, de data 4 de outubro de 2024.

Asisten:

- . **Presidente:** Mónica Iglesias Prego, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **1º Vogal:** Javier Siro Suárez Rodríguez. Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **2º Vogal:** Rocío Varela Rodríguez, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.
- . **3º Vogal:** Marcos Antonio Barreiro Fontenla, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.
- . **Secretario:** José Alberto Moar Tobío, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente a efectuar o chamamento dos aspirantes previamente convocados para a realización da segunda proba proceso selectivo, consistindo esta na realización dun ou varios casos prácticos segundo establece a base número 5 do proceso selectivo, e que, seguidamente deberán ser lidos polos aspirantes diante do Tribunal. Así, acordouse que esta proba consista na realización de dous supostos prácticos que constan cada un deles de 5 preguntas ca mesma valoración de 1 punto cada unha das mesmas.

Os resultados do chamamento son os seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	ASISTE Á PROBA
IGNACIO RIAL, ROCIO	***3328**	SI
IRIGOYEN VAZQUEZ, SERGIO	***5478**	NON
MARTÍNEZ GONZÁLEZ, MARÍA DOLORES	***0713**	SI
MONTOUTO PEREZ, FRANCISCO XOSE	***1735**	SI
PAMPIN MARIÑAS, MARÍA	***7342**	SI
REIGOSA LOMBAO, AGOSTIÑO	***5500**	SI
RUIZ VALENCIA, ALBERTO	***0836**	SI
VAZQUEZ LIÑEIRA, JORGE	***2139**	SI



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Sendo as 10.13 horas comeza a realización da proba e, ós poucos segundos de comezar, obsérvase que no Suposto nº 1 as preguntas nº 2 e nº 4 teñen idéntico enunciado polo que se acorda anular a pregunta nº 4 de dito Suposto e repartir de xeito proporcional a puntuación que lle correspondería á pregunta anulada, un punto, entre ás nove preguntas restantes, polo que a cada pregunta respostada correctamente outorgaríanselle agora 1,11 puntos (a pregunta nº 5 pasa a ser a cuarta e última deste primeiro suposto)

Sendo as 12.13 horas remata o tempo para a resolución da proba e a Presidenta do Tribunal suspende a sesión ata as 12.45 horas, momento no que os aspirantes comezarán a realizar a lectura da solución dos casos prácticos diante do Tribunal.

Ás 12.47 horas comeza a lectura da solución ós supostos por parte dos aspirantes.

Unha vez rematada a lectura por todos os aspirantes, o Tribunal comeza a efectuar a corrección da proba conforme ós criterios establecidos na Base nº 5.

O Tribunal considera que, sempre tendo en conta o establecido na Base 5 do proceso selectivo, para dar unha resposta axeitada ás preguntas do suposto nº 1 habería que acudir ó disposto no capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril que o desenvolve.

En canto ó suposto nº 2 unha resposta correcta pasaría pola axeitada aplicación ó suposto da normativa de reguladora das subvencións así como do disposto na Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL relativo ás modificacións orzamentarias e gastos plurianuais, e tamén por demostrar claramente que o aspirante coñece perfectamente as figuras do prezo público e da taxa, as súas características, requisitos e as diferencias existentes entre elas.

Ás 15.00 horas do día 04-02-2025 suspéndese a sesión, a cal volve a reiniciarse ás 9.00 horas do día 11-02-2025 para continuar ca corrección desta segunda proba.

Rematada a corrección, o Tribunal acorda outorgar as seguintes puntuacións provisionais nesta segunda proba, sendo P1, P2, ..., a puntuación que considera o Tribunal que merece a resposta formulada polo aspirante ás preguntas 1,2,..., respectivamente, de cada suposto, excepto no caso da columna P4 do primeiro suposto, na que se reflicte, como xa se dixo, a puntuación correspondente á pregunta número 5 de dito suposto (que sería a cuarta e última tras a anulación da nº 4):



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL DA PROBA	SUPOSTO Nº1				SUPOSTO Nº 2				
		P1	P2	P3	P4	P1	P2	P3	P4	P5
IGNACIO RIAL, ROCIO	3,56	0,22	0,00	0,00	1,11	0,56	1,11	0,56	0,00	0,00
MARTÍNEZ GONZÁLEZ, MARÍA DOLORES	4,00	1,00	1,11	0,22	0,89	0,00	0,44	0,33	0,00	0,00
MONTOUTO PEREZ, FRANCISCO XOSE	6,67	0,33	1,11	1,11	1,11	0,44	1,11	0,56	0,89	0,00
PAMPIN MARIÑAS, MARÍA	5,00	0,56	0,44	0,00	0,56	1,11	1,11	0,56	0,67	0,00
REIGOSA LOMBAO, AGOSTIÑO	4,00	0,33	0,67	0,56	1,11	0,22	1,11	0,00	0,00	0,00
RUIZ VALENCIA, ALBERTO	7,00	1,00	0,56	1,11	0,78	1,11	1,11	0,89	0,44	0,00
VAZQUEZ LIÑEIRA, JORGE	5,00	0,67	0,67	0,00	0,67	0,67	1,11	0,56	0,67	0,00

O tribunal acorda publicar as cualificacións obtidas polos aspirantes na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e outorgarlle ós aspirantes un prazo de cinco días hábiles, para presentar reclamacións ante o propio Tribunal.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

E non sendo outro o obxecto desta reunión, sendo ás doce horas do día 11-02-2025, dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta.

A Presidenta
Mónica Iglesias Prego
(asinado electrónicamente)

O Secretario
José Alberto Moar Tobío